

## CUESTIÓN VÍDEO JUDITH BUTLER “TEORÍAS DO XÉNERO”:

1. ¿De onde proveñen as **presuposicións** que temos acerca do **xénero**?, ¿con que outros nomes poderíamos designar as **ideas preconcebidas** que temos acerca do que é o xénero e os xéneros que hai?
2. ¿A que se pode estar a referir **Judith Butler** cando fala de **ataque ao xénero**?, ¿por que dí que supón un **ataque á democracia**?, ¿que se pode entender por **liberdade de xénero**?
3. ¿Como define a filósofa feminista o **xénero**?, ¿en que aspectos concorda con **Simone de Beauvoir**?, ¿que elementos ou factores constitúen o xénero?, ¿en que termos interpreta **Butler** a célebre sentenza de **Simone de Beauvoir** que figura en **O segundo sexo**?
4. ¿Que sería o **sexo**?, ¿que elementos determinan o sexo?
5. ¿Que leccións extrae Butler do terror dos **campos de exterminio nazi**, dende unha **perspectiva de xénero**?
6. ¿A que se pode estar a referir a pensadora feminista con **repensar o xénero**?, ¿que ten que ver coa **teoría queer**?, ¿que significa **queer**?, ¿por que di que inicialmente a teoría queer entrou en conflito co feminismo do momento?
7. ¿Que dúas versións dun certo tipo de **(pseudo)-feminismo** rexeita Butler?, ¿por que motivos?
8. ¿Cal é o plantexamento que sostén a teórica e activista feminista **da relación do sexo e o xénero con respecto ao suxeito (o individuo)**?
9. ¿Que ensinanzas acerca do xénero extrae Butler das teorías da antropóloga **Gayle Rubin**?, ¿que **institución social** transmite principalmente as **estruturas de xénero**? ¿baixo que forma ou modelo?, ¿por que asocia **Butler** os **roles de xénero** con **mecanismos de represión**?
10. ¿Cal é a propia **visión que do xénero** ten **Judith Butler**?, ¿que dúas explicacións acerca do xénero critica Butler?, ¿que significa que **o xénero é performativo**?
11. ¿Que supuxo o aparecer das **persoas lesbianas, gays e trans** no **espazo público**?, ¿que cambios comportou este aparecer socialmente ante os demais?
12. ¿Que **dereitos** reclaman as **persoas trans**?, ¿por que fala Butler de **ser recoñecidas**?, ¿que importancia ten o **recoñecemento**?, ¿a que se pode estar a referir Butler ao mencionar unha **linguaxe nova** que é necesario aprender, non só en relación ás persoas da comunidade afroamericana nos EE.UU. e as mulleres, senón tamén en relación ás persoas trans?